

Informe sobre afiliacións á Seguridade social

Periodo de referencia: Xaneiro de 2025

Data de publicación: 4 de febreiro de 2025

ÍNDICE

Información xeral	2
Datos de afiliacións por provincias	3
Información segundo o réxime de afiliación	4
Evolución da afiliación	6
Notas metodolóxicas	6

1. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2025 acadou a cifra de 1.067.089 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de decembro de 12.484 afiliacións (-1,16 %). Para o conxunto estatal, a cifra de afiliacións sitúase en 21.095.814, rexistrando un descenso do 1,13 % con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2025 con xaneiro de 2024) obsérvase un aumento de 16.559 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,58 %) e un aumento do 2,38 % (491.053 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2024, rexístrase un descenso das afiliacións en todas as comunidades autónomas, sendo Extremadura (-1,91 %) e Cantabria (-1,48 %) as que experimentan o maior descenso.


En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Canarias (3,35 %) e Illes Balears (3,18 %).

Cadro 1. Evolución das afiliacións por comunidade autónoma

CCAA	Afiliación media Xaneiro 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.427.579	-42.868	-1,24	94.527	2,84
Aragón	613.145	-5.817	-0,94	10.325	1,71
Asturias	382.009	-5.073	-1,31	6.696	1,78
Illes Balears	480.868	-7.128	-1,46	14.827	3,18
Canarias	932.421	-8.268	-0,88	30.240	3,35
Cantabria	228.849	-3.428	-1,48	4.945	2,21
Castilla y León	967.829	-11.869	-1,21	17.134	1,80
Castilla - La Mancha	778.255	-11.086	-1,40	15.715	2,06
Cataluña	3.753.244	-37.580	-0,99	78.347	2,13
Comunitat Valenciana	2.152.520	-32.152	-1,47	52.867	2,52
Extremadura	407.261	-7.930	-1,91	3.185	0,79
GALICIA	1.067.089	-12.484	-1,16	16.559	1,58
Madrid	3.740.014	-34.170	-0,91	108.744	2,99
Murcia	656.056	-7.628	-1,15	16.990	2,66
Navarra	307.208	-3.128	-1,01	4.400	1,45
País vasco	1.014.506	-10.004	-0,98	11.316	1,13
La Rioja	138.801	-1.285	-0,92	3.506	2,59
Ceuta	23.617	15	0,06	479	2,07
Melilla	24.542	-265	-1,07	251	1,03
ESPAÑA	21.095.814	-242.148	-1,13	491.053	2,38

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Achega de cada comunidade autónoma na variación interanual da afiliación mensual (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2. Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,23 %, seguida de Ourense (1,33 %), Pontevedra (1,05 %) e Lugo (0,95 %).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 1,16 %. Pontevedra é a provincia que presenta a maior baixada nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do -1,37 %, seguida de A Coruña (-1,12 %), Lugo (-0,99 %) e Ourense (-0,78 %).

Cadro 2. Evolución das afiliacións á Seguridade Social. Galicia e Provincias

CCAA	Afiliación media Xaneiro 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	465.929	-5.267	-1,12	10.146	2,23
Lugo	123.954	-1.242	-0,99	1.161	0,95
Ourense	105.913	-831	-0,78	1.387	1,33
Pontevedra	371.293	-5.144	-1,37	3.865	1,05
GALICIA	1.067.089	-12.484	-1,16	16.559	1,58
ESPAÑA	21.095.814	-242.148	-1,13	491.053	2,38

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones


3. Información segundo o réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,34 % das afiliacións galegas en xaneiro de 2025, diminuíron un 1,27 % con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento un 2,2 %. En España estas taxas foron do -1,24 % con respecto a decembro de 2024 e do 2,62 % en relación ao mes de xaneiro de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (74,18 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-2,2 %) e Ourense (-1,2 %) presentan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que A Coruña (0,13 %) e Pontevedra (0,1 %) presentan unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,38 %. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2024 baixan as afiliacións en todas as provincias: Lugo (-0,68 %), Pontevedra (-0,58 %), A Coruña (-0,48 %) e Ourense (-0,36 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do -0,53 %. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 1,25 % e unha baixada intermensual do 0,53 %.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2024, todas as provincias presentan unha taxa de variación interanual negativa: Pontevedra (-5,48 %), A Coruña (-3,99 %) e Lugo (-2,45 %). A taxa galega acada entón o -4,85 %. Con respecto a decembro de 2024, baixan as afiliacións en A Coruña (-5,51 %) e Pontevedra (-2,28 %) mentres que soben en Lugo (0,3 %). A taxa galega é do -2,99 %. As taxas nacionais indican unha baixada interanual do 1,51 % e unha baixada intermensual do 2,81 %.

Distribución das afiliacións galegas por réximes (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3. Afiliacións por réximes e provincias

Total

CCAA	Afiliación media Xaneiro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	465.929	-1,12	2,23
Lugo	123.954	-0,99	0,95
Ourense	105.913	-0,78	1,33
Pontevedra	371.293	-1,37	1,05
GALICIA	1.067.089	-1,16	1,58
ESPAÑA	21.095.814	-1,13	2,38

Réxime xeral

CCAA	Afiliación media Xaneiro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	377.956	-1,20	2,78
Lugo	91.948	-1,11	2,09
Ourense	83.822	-0,89	2,01
Pontevedra	292.951	-1,51	1,54
GALICIA	846.676	-1,27	2,20
ESPAÑA	17.669.187	-1,24	2,62

Réxime especial de autónomos

CCAA	Afiliación media Xaneiro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	83.258	-0,48	0,13
Lugo	30.655	-0,68	-2,20
Ourense	22.092	-0,36	-1,20
Pontevedra	67.000	-0,58	0,10
GALICIA	203.004	-0,53	-0,38
ESPAÑA	3.368.950	-0,53	1,25


Réxime especial do mar

CCAA	Afiliación media Xaneiro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	4.716	-5,51	-3,99
Lugo	1.352	0,30	-2,45
Ourense	0		
Pontevedra	11.342	-2,28	-5,48
GALICIA	17.409	-2,99	-4,85
ESPAÑA	56.790	-2,81	-1,51

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4. Evolución da afiliación

Evolución das taxas de variación interanuais (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5. Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>